Villardebós III, 1, Florderrei, Villardebós

CD 204, 5-7

Xente da aldea
Marzo 1981

III,1, 265. 34) I aghora que me puxestes
a) a barrighiña redonda
ou has de casar conmigo
ou m'has de paga-la honra.

b) I a honra dunha menina
non é paga con diñeiro
é paga co mismo corpo
do mociño solteiro.

---

(6)

271. 1) "Enriqueta, se morreras
¿quén qués que te leve á cova?"
"Cuatro raparighos novos
qu'eu son raparigha nova."
Ai ai con el ai ai ai.

2) "Enriqueta, se morreras
¿a quén deixas o cordão?" óndes
"O cordão non deixo a naide
que io levo no caixão." (caida ~~rodeia~~)

3) Enriqueta raparighos
Enriqueta rebentou,
a morte da Enriqueta
foi a mai quen lla causou.
Ai ai con el ai ai ai.

---

(7)

300. 1) /: Eu veño de Vila Verde
de regar o meu nabal-e :/
/: ó ió ai
/: qu'inda trago tres bulliñas :/
ños lazos do meu lintal-e. :/ (maldil)

2) /: Nos lazor do meu lintal-e, (nas voltar)
nar rendor do meu vestido :/
/: Ió ió ai
/: ó prima, ó rica prima, :/
déixame durmir contigo. :/